

Con *Spam*

Proposta heterodoxa



RAMÓN NICOLÁS

A pluralidade de motivos temáticos que Francisco Castro exhibiu ata o de agora nas súas anteriores pezas narrativas –lémbrense *Río Leteo*, *Un bosque cheo de faias*, *Xeografías* ou *Xeración perdida*, entre outros-, alén do destacado dominio das técnicas narrativas que as súas obras destilan, xunto coa súa presenza máis que salientable e felizmente recorrente no panorama das novidades narrativas, facían difícil non pensar que nun momento ou noutro o autor conseguise acadar un premio do prestixio como o Blanco Amor, que conseguiu nesta edición de 2006 coa súa novela *Spam*. E abofé que este título, de resonancias contemporáneas mais que agocha outras moitas cousas que internet ou correo-lixo, posúe elementos que a sitúan como obra destacada, tanto no percorrido narrativo do propio autor coma no mostrario das novidades máis vixentes arestora.

Spam, que se achega ao mundo da empresa a través das relacións humanas, mais tamén baixo a mirada dun ollo de ciclope omnipresente en todo tempo e lugar, preséntase como unha proposta áxil, que convida a ser engulida con rapidez, en ocasións dotada de altas doses de humorismo. Como novela contemporánea que é concíbese activamente, de xieto esixente, e tamén, permítaseme que recupere os termos, belixerante e combativa: que toma partido. Toma partido contra a deshumanización do home polo home, toma partido a prol da emoción, do sentimento e das relacións humanas, o que de seu xa non é pouco.

A poética de paixón que Castro exhibe unha e outra vez na súa obra beirará neste caso, como sinalei, temas como a internet, a privacidade da rede

de redes, o seu emprego máis alá dun fin puramente laboral ou informativo, o seu uso como elemento de lecer, a accesibilidade doada que este medio supón para o consumo da pornografía..., isto é, cuestiona desde a cerna asuntos de actualidade, alén de introducir un rexistro léxico que até o de agora estaba ausente nas nosas letras, algo que tiña que ocorrer vindo da man dun blogueiro convicto e confeso que mantén unha famosa bitácora moi visitada: “A canción do naufrago II”.

Spam ofrece, así pois, un retrato cruel, descarnado, absolutamente transparente, dunha empresa modelo, ou tipo, rexida unicamente polo interese económico, como xa teñen afondado a nobel Elfriede Jelinek ou o propio Cid Cabido. Mais ao tempo é tamén unha novela de personaxe, pois o fío condutor dela é Gómez, perfilado, coído, en todas as dimensións posibles -mesmo nas que a el se lle ocul-

tan-, mais non se oculta a tendencia á corallidade (como simbolizan os oficinistas e outros personaxes). Mención á parte merece o tratamento que se lle outorga á voz narrativa –vivísima, activa, interviniente, por veces desorientadora- que para min se converte nun dos elementos axiais da novela pola súa ironía, por ese distanciamento calculado, por esa dúbida constante que ofrece acotío, por ese anticipar ou retrasar acontecementos ou sucesos á súa vontade e, ademais, declaralo. Até *Spam* é unha novela que ofrece unha reviravolta argumental tan perfecta na súa conclusión que un volve confiar no poder da imaxinación, na súa dimensión lúdica, mais tamén naquela máis crítica.

Unha proposta, en fin, que non ha deixar indiferente a quen se achegue a ela, tanto polo que de innovación ten como pola súa indubidable frescura e heterodoxia.

CASTRO, Francisco, *Spam*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 129 páxinas

